

PLAN DE
CONTINXENCIA
CURSO 2021-22



DIVINO MAESTRO
FUNDACIÓN EDUCATIVA
OURENSE

Este documento será actualizado e modificado en función da lexislación vixente, da avaliación realizada polos órganos colexiados do centro, da organización e funcionamento do mesmo o logo da súa aplicación.

Informarase dos cambios tanto á inspección como á comunidade educativa publicándose na páxina web, previa notificación a través da aplicación esemtia.

Documento realizado polo Equipo Directivo de Divino Maestro Fundación Educativa Ourense e aprobado en claustro o 28 de setembro do 2021 e en consello escolar do mesmo día, trasladado a inspección educativa o e publicado na web <https://www.dimaourense.com/>

Índice

ACTUACIÓN PREVIAS DIANTE DA APRAIÇÃO DUN ABROCHO	4
APARICIÓN DUN CASO, NUN CENTRO EDUCATIVO	5
MEDIDAS PREVIAS A ACTIVIDADE NON PRESENCIAL: CLASSROOM	7
ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	8
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL	11

Este Plan de Continxencia do centro DIVINO MAESTRO FUNDACIÓN EDUCATIVA OURENSE:

- Ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula/etapa educativa/centro.
- Trátase dun **plan adaptable e modificable** en función da situación epidemiolóxica, seguindo as directrices marcadas pola Consellería.
- Foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. NON ASISTIRÁN AO CENTRO:

- Aqueles estudantes, docentes e outros profesionais **que teñan síntomas compatibles con COVID-19.**
- Aqueles **que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19.**
- Aqueles que sufran un período de corentena domiciliaria por **ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.**

2. SOSPEITA DUN CASO CON SÍNTOMAS COMPATIBLES CON COVID-19 NO CENTRO EDUCATIVO:

- Seguirase o plan de adaptación o contexto covid do centro. .
- Levarase a un **espazo separado de uso individual**, situado ao carón do departamento de orientación, antiga sala do ANPA. Esta sala disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal
- Tanto o que iniciou os síntomas como á persoa que quede ao seu coidado **deben ter posta en todo momento a máscara cirúrxica.** De forma excepcional e no caso específico de **que o/a alumno/a teña unha exención** para o seu uso por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa

acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable.

- Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos **agardarán acompañados** por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa **ventilación adecuada**.
- A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.
- O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. EN CASO DE PRESENTAR SÍNTOMAS DE GRAVIDADE OU DIFICULTADE RESPIRATORIA:

- **Chamarase ao 061.**
- O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

NO SUPOSTO DA APARICIÓN DUN CASO, NUN CENTRO EDUCATIVO

- Tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.**
- **A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.**
- **Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Central de Seguimento de Contactos e, no caso de**

gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, **sendo posible** que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

- A **autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación, **determinará** en cada caso o número de **persoal e alumnado afectado** e a **duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

MEDIDAS PREVIAS A ACTIVIDADE NON PRESENCIAL: CLASSROOM

- Titorías grupais e individuais para previr e atenuar a influencia da pandemia, realizando actividades do Plan de Benestar Emocional
- Titorías grupais e individuais para analizar o emprego das tecnoloxías no curso anterior buscando melloras na comunicación tecnolóxica do noso alumnado.
- Revisión dos correos @dimaourense do alumnado de 3º EP, secundaria e FPB e xestión de contas para alumnado e profesorado de nova incorporación
- Medidas para repasar o uso do classroom
- Realizar enquisas ao novo alumnado a través dun formulario Google, a cubrir nos primeiros días do curso
- Repaso da formación realizada no curso anterior de Google for Education teacher center. *Capacitación sobre aspectos básicos. Educador Nivel1.*
- Creación do classroom dos cursos de 3º EP ata 2º FPB de todas as materias agregando a todo o alumnado.
- Emprego da aplicación esemtia en Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria
- Creación dun foro de dúbidas respecto ao funcionamento do classroom, formularios de Google e emprego do meet.
- Iniciar o funcionamento do classroom coas clases presenciais para verificar o seu bo uso e o alumnado familiarícese co seu emprego.
- Colaboración con aquel profesorado que teña máis dificultade na implantación do ensino online.

- O equipo COVID do centro, axudados polos titores, identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

SUSPENSIÓN DAS CLASES PARA UN NÚMERO REDUCIDO DE ALUMNADO DE DE 3º EP A 6º EP, ESO E FPB:

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da ferramenta gratuita de Classroom de cada materia e cada grupo de 3º EP a 6º EP, toda secundaria e Formación profesional básica. O horario do curso respectarase ,comunicándose co alumnado mediante meet do classroom, impartindo as clases ao mesmo tempo que ao grupo que se atopa na aula, dirixindo a cámara ,unicamente ao profesorado, e ao lugar onde vai realizar a explicación. O alumnado confinado, estará conectado e cumprirá a mesma normativa que no caso de confinamento de todo o grupo.

SUSPENSIÓN DAS CLASES PARA UN GRUPO DE 3º EP A 6º EP, ESO E FPB:

No caso de ensino non presencial terase en conta:

- Flexibilización na metodoloxía atendendo á situación TIC do alumnado coñecida a partir dunha enquisa previa realizada polos titores.
- O profesorado impartirá as clases online a través da ferramenta gratuita de Classroom e o emprego da aplicación meet de google para efectuar videochamadas.
 - Ao comezo de cada clase pasarase lista, estando coa cámara activada e actitude adecuada.
 - Poderase solicitar que o alumnado silencie os micrófonos e que pida a quenda de palabra para participar.
 - O alumnado deberá manter a orde nas súas intervencións, respectando aos compañeiros e ao profesorado.

- Todos colaborarán para conseguir un clima adecuado para o correcto desenvolvemento da sesión.
- As faltas inxustificadas e o incumprimento da normativa anterior será notificado por esemtia as familias.
- Mantense o horario ordinario flexibilizando a duración deixando o 60% do tempo das clases para a explicación dos contidos mínimos esixibles indicados na programación e a realización de tarefas que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. O tempo restante poderase empregar para a resolución de dúbidas ou titorías individuais doquel alumnado que indique o profesorado. O horario empregado será:

CURSOS DE 3º EP-6º EP.

TEMPOS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:00					
10:15-10:45					
11:00:-11:30					
11:30-12:30	RECREO				
12:30-13:00					
13:15-13:45					

CURSOS DE ESO E FPB

TEMPOS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:15					
9:30-10:00					
10:15-10:45					
10:45-11:45	RECREO				
11:45-12:15					
12:30-13:00					
13:15-13:45					
16:45-16:15					
16:30-17:00					

NORMATIVA:

- Os alumnos deberán permanecer atentos ao seu horario e realizar as tarefas asignadas en cada sesión.
- As tarefas deberán ser entregadas no día e hora indicado polo profesorado
- A non realización das mesmas será notificado por esemtia as familias
- Realizaranse probas escritas para avaliar e flexibilizarse os criterios de cualificación de cada materia, atendendo os plans de continxencia indicada en cada programación da mesma.
 - As ferramentas necesarias e permitidas son: ordenador por alumn@ con conexión a internet ou teléfono móbil con datos ou wifi coa aplicación classroom e meet. Folios brancos e bolígrafo azul.
 - Poderanse realizar probas escritas, xa sexa mediante contestación por formulario ou mediante un documento escaneado por classroom
 - As instrucións para a realización da proba atoparanse no cartafol da materia o día e a hora da proba.
 - Durante a realización da proba o alumnado permanecerá só na súa estancia. O único material que debe de estar na mesa é o preciso para o exame e non poderá levantarse da cadeira para acceder a el.
 - A vixilancia do exame será telemática polo que o profesorado poderá pedir ao alumnado que mostre parte da súa contorna en calquera momento
 - A proba terá unha hora de inicio e finalización sendo o alumnado puntual no seu inicio e na súa finalización para realizar canto antes o envío da mesma. Non se avaliarán aquelas probas que se entreguen fose do horario prefixado sen unha causa xustificada.
- O correo e as aplicacións que permiten o intercambio de documentos e/ou mensaxes entre o alumnado e o persoal docente, usarase de maneira responsable e só para actividades dentro do ámbito escolar
- Haberá unha titoría grupal na hora xa establecida no horario
- Haberá titorías telefónicas ou vía zoom cando a familia precíseo, unha vez concretada co profesorado mediante a plataforma esemtia.

- O alumnado ou familia que precise soporte emocional enviará un mensaxe vía esemtia á orientadora do centro que se porá en contacto na maior brevidade

SUSPENSIÓN DAS CLASES PARA EDUCACIÓN INFANTIL E 1º E 2º EDUCACIÓN PRIMARIA.

- Os recursos alternativos a empregar son: os elaborados por profesorado do centro, os contidos propios da editorial da materia, os da web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar.
- Empregarase a aplicación esemtia en Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria así coma, correos electrónicos ou aplicacións electrónicas que favorezan o intercambio de documentos e información entre as familias e o persoal docente
- Mandarase traballo diario (a través da plataforma) a casa (fichas, xogos, cancións...) as familias poderán enviar a tarefa os profesores a través de esemtia/correo e whatsapp.
- En Educación infantil a tarefa diaria terá unha duración aproximada dunha hora e media non seguindo o horario establecido na aula.
- En 1º e 2º EP buscarase actividades globalizadas e repectarase as materias impartidas en cada día sendo os titores os responsables de envialas ás familias
- Haberá titorías telefónicas ou vía zoom cando a familia precíseo, unha vez concretada co profesorado mediante a plataforma esemtia

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase o retorno a actividade presencial con normalidade, atendendo a finalización dos periodos de confinamento que vaian indicando as autoridades sanitarias.